

Sendo as 18:30 do día **10 de novembro de 2025** reúnese en sesión ordinaria o Consello Escolar do CEIP de Pedrouzos-Brión, coa ausencia de Andrea Blanco Bonjour e Xosé Ares González cos seguintes puntos:

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.**
- 2. Presentación e aprobación da Programación Xeral Anual.**
- 3. Presentación e aprobación dos orzamentos de funcionamento do centro para o 2025.**
- 4. Presentación e aprobación dos orzamentos do comedor escolar para o curso 2025.**
- 5. Informe de dirección.**
- 6. Rolda de intervencións.**

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.**

Apróbase por unanimidade.

- 2. Presentación e aprobación da Programación Xeral Anual.**

A dirección fai un breve resumo da programación, sobre os puntos máis importantes referidos ao centro, os diferentes programas educativos, organización do profesorado e alumnado, etc. Coméntase tamén que se engadiron os diferentes plans (tics, radio, etc...), así coma as aportacións dos ciclos.

Infórmase que se solicitaron 4 proxectos educativos: innovalab, mate-lab, leo-lab e clube de lectura, os cales foron aceptados.

Apróbase por unanimidade a PXA.

- 3. Presentación e aprobación dos orzamentos de funcionamento do centro para o 2025.**

Explicase o motivo da elaboración dos orzamentos dende o mes de xullo a decembro e a continuación faise a presentación dos mesmos. Infórmase dun cambio nos orzamentos relativo ao 3º pago da Consellería.

Apróbase o orzamento de gastos de funcionamento por unanimidade.

- 4. Presentación e aprobación dos orzamentos do comedor escolar para o curso 2025.**

Faise a presentación dos orzamentos relativos ao comedor escolar e coméntase que imputarase parte do consumo de gas a este orzamento.

Apróbase o orzamento do comedor por unanimidade.

## **5. Informe de dirección.**

Infórmase da incidencia acontecida o 01/10/2025 no centro debido á choiva. A forte choiva do día anterior e a obstrución dos caleiros dou lugar a goteiras na cociña, en varias aulas, e almacéns. Douse parte ao Concello e á Unidade Técnica da Consellería para solucionar os imperfectos antes do inicio das clases.

Coméntase que volve haber goteiras no ximnasio e avísase ao arquitecto do Concello para proceder a realizar un informe dos danos e poder enviarllo á Consellería.

Infórmase do material proporcionado pola Consellería (mesas, cadeiras, material didáctico, etc).

En canto ao alumnado NEAE, coméntase que se levou a cabo unha restructuración de horario, con máis profesorado e máis grupos.

Tamén se di que está pendente a comisión de patios inclusivos, así coma as NOF.

Infórmase que hai 3 alumnos/as de prácticas da USC (2 en infantil e 1 primaria).

No referente á festa de Nadal, terá lugar o día 1 de decembro no patio do colexio, e levarase a cabo o acendido da árbore, así como o mercado de Nadal do alumnado de 6ºEP.

## **6. Rolda de intervencións.**

Unha membro do consello pregunta cal é a función das comisións a cal se lle responde que actualmente non están a ter actividade, pero que é necesario dinamizar máis as comisións debido á súa importancia. Quédase á espera de reactivalas.

Realizan outra cuestión, neste caso á representante do Concello, no referente ás obras que se solicitaron para o centro, polo que responde que ata o momento non se teñen noticias.

Sen máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 19:45h.

V. e pr. A directora

A secretaria

María Gómez Paz

Margarita Campos Espiño